<p>Datos de actividade:</p> <p>Cifra oficial de poboación (Padrón municipal a 1 de xaneiro do ano de inventario) <b>6226</b> habitantes</p> <p>cadro 01: Ratio de emisións (teq CO<sub>2</sub>/hab)</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>RSU</th> <th>2010</th> <th>2011</th> <th>2012</th> <th>2013</th> <th>2014</th> <th>2015</th> <th>2016</th> <th>2017</th> <th>2018</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Emisións per cápita (teq CO<sub>2</sub>)</td> <td>0,0236</td> <td>0,0236</td> <td>0,0237</td> <td>0,0241</td> <td>0,0236</td> <td>0,0234</td> <td>0,0235</td> <td>0,0226</td> <td>0,0224</td> </tr> </tbody> </table> <p>Fonte Miteco. Elaboración propia</p> <p>Emisións per cápita (tomar o correspondente ao ano de inventario do cadro 01) <b>0,0236</b> teq CO<sub>2</sub>/hab</p> <p>Emisións de N<sub>2</sub>O debida ao tratamento de augas residuais no ano de inventario <b>237,00</b> Kg N<sub>2</sub>O</p> <p>Emisións de CH<sub>4</sub> debidas ao tratamento de augas residuais no ano de inventario <b>3052,32</b> kg CH<sub>4</sub></p>				RSU	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Emisións per cápita (teq CO <sub>2</sub> )	0,0236	0,0236	0,0237	0,0241	0,0236	0,0234	0,0235	0,0226	0,0224
RSU	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018														
Emisións per cápita (teq CO <sub>2</sub> )	0,0236	0,0236	0,0237	0,0241	0,0236	0,0234	0,0235	0,0226	0,0224														



Da mesma maneira as emisións producidas polo tratamento de residuos urbanos.

Táboa 22: Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro debidas ao tratamento de residuos sólidos urbanos (Sogama).

valores fixos									
valores a introducir polo concello									
valores calculados									
<b>resultado emisións totais = Emisións tratamento en vertedoiro VRS + tratamento por valorización enerxética</b>	<b>1.491,01</b> TeqCO2/ano								
<b>Emisións por tratamento en vertedoiro VRS</b>									
<b>Resultado emisións por tratamento en vertedoiro</b>	<b>1.491,01</b> TeqCO2/ano								
Emisións CH4 = ((RSUt x RSUF x Lo) - R) x (1-OX) en VRS	59,64 t CH4/ano								
<b>Factores de emisión:</b>									
Lo = potencial de generación de metano	0,080593 Gg CH4/Gg residuos								
<b>Datos de actividade:</b>									
RSUF Masa de RSU enviados a planta de tratamento (t facturadas polo xestor no ano de inventario)	2.258,06 t/ano								
cadro 01: Datos de actividade (SOGAMA)									
<b>RSU</b>	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
<b>total (t)</b>	883.057,00	864.987,00	823.196,00	802.185,00	805.013,00	805.360,00	812.560,00	901.839,00	921.978,00
<b>enviados VRS (t)</b>	375.137,00	311.480,00	233.002,00	186.073,00	189.411,00	185.041,00	218.767,00	252.355,00	259.996,00
<b>RSUF</b>	42,48%	36,01%	28,30%	23,20%	23,53%	22,98%	26,92%	27,98%	28,20%
<b>CH4rec (Nm3)</b>	6.023.000	7.672.000	6.770.000	5.202.000	5.358.000	5.675.000	5.999.000	6.285.000	5.610.000
<b>CH4rec (t) / RSUF (t)</b>	0,0115	0,0177	0,0208	0,0200	0,0203	0,0220	0,0197	0,0179	0,0155
Fonte: SOGAMA. Elaboración propia. (*) en condicións estándar de temperatura e presión.									
<b>RSUF</b> Fracción de RSU depositados en VRS (tomar o correspondente ao ano de inventario do cadro 01)	42,48%								
Masa de residuos enviada a VRS polo concello no ano de inventario	959 t RSU								
<b>CH4rec (t) / RSUF (t)</b> no ano de inventario (tomar o valor correspondente ao ano de inventario do cadro 01)	0,0115 t CH4rec / tRSUF								
CH4 recuperado do VRS correspondente ao concello no ano de inventario (R)	11,04 t CH4 / ano								

As emisións totais producidas polo tratamento das augas residuais é de 146.93 TnCO<sub>2</sub>eq e de 1491.01 TnCO<sub>2</sub>eq para o tratamento de residuos sólidos urbanos.

O total das emisións producidas para o ano 2010 para o tratamento das augas residuais e os residuos sólidos urbanos conxuntamente é de 1637.94 TnCO<sub>2</sub>eq cunha taxa per cápita de 0.26 TnCO<sub>2</sub>eq.



## 5. AVALIACIÓN DE RISCOS E VULNERABILIDADES DO CAMBIO CLIMÁTICO

O cambio climático é o resultado de desequilibrios no balance enerxético da Terra, causados por procesos e axentes naturais e antropogénicos. Como medida para representar a influencia dun factor para modificar o equilibrio da enerxía entrante e saínte no sistema atmosférico da Terra atópase o Forzamento Radioactivo (FR). Se este valor é positivo tende a quentar a superficie, mentres que se é negativo arrefría.

O grupo Intergubernamental de Expertos sobre Cambio Climático (IPCC) diferencia varios escenarios de emisión segundo o valor de FR, denominados “Sendas Representativas de Concentración” (RCPs):

Figura 35: Valores para os catro escenarios de emisión


	FR	Tendencia del FR	[CO <sub>2</sub> ] en 2100
RCP2.6	2,6 W/m <sup>2</sup>	decreciente en 2100	421 ppm
RCP4.5	4,5 W/m <sup>2</sup>	estable en 2100	538 ppm
RCP6.0	6,0 W/m <sup>2</sup>	creciente	670 ppm
RCP8.5	8,5 W/m <sup>2</sup>	creciente	936 ppm

Fonte: cambio climático: Bases Físicas. Guía resumida del quinto informe de avaliación do IPCC. Grupo de trabajo I.

O IPCC ten como finalidade proporcionar información obxectiva, clara e neutral do coñecemento sobre cambio climático polo que elaborou o Quinto Informe de Avaliación (AR5, nivel de certeza á hora de atribuír o cambio do clima á influencia humana superior ao 95%) no que se pon énfase ao cambio climático e as súas implicacións para o desenvolvemento e a xestión dos riscos.

O risco dos impactos relacionados co clima xorde da interacción dos seus propios perigos coa vulnerabilidade e exposición dos sistemas humanos e naturais. Os cambios serán os que determinen os perigos, a exposición e a vulnerabilidade da sociedade e o medioambiente, como se pode ver na figura 36.

Figura 36: Conceptos centrais sobre impactos, adaptación e vulnerabilidade ao cambio climático




**RISCO =**  
**PERIGO \* EXPOSICIÓN \* VULNERABILIDADE**

Fonte: cambio climático: Impactos, Adaptación e Vulnerabilidade. Guía resumida do quinto informe de avaliación do IPCC. Grupo de trabajo II.







En Europa, a redución substancial das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) pode reducir notablemente os riscos asociados ao cambio climático polo que será necesario a redución das emisións nas próximas décadas. No caso de non tomar ningunha medida poderíase enumerar como impactos potenciais do cambio climático a escaseza de auga e alimentos, as inundacións costeiras ou o aumento da pobreza e da poboación desprazada.

O cambio climático e impactos crave observados e proxectados para as **principais rexións de Europa** veñen detallados no informe de Adaptación Urbana ao Cambio Climático en Europa 2016, nos que distinguirá dúas zonas de risco para Galicia:







- Riscos no Noroeste de Europa:
  - Aumento das precipitacións invernais
  - Aumento do caudal do río
  - Movemento de especies cara ao norte
  - Diminución da demanda de enerxía para calefacción
  - Aumento do risco de inundacións fluviais e costeiras
- Riscos na rexión mediterránea:
  - Aumento de temperatura maior que a media europea
  - Diminución da precipitación anual
  - Diminución do caudal anual do río
  - Aumento do risco de perda de Biodiversidade
  - Aumento do risco de desertificación
  - Aumento da demanda de auga para a agricultura
  - Diminución dos rendementos dos cultivos
  - Aumento do risco de incendios forestais
  - Incremento da mortalidade polas ondas de calor
  - Expansión de hábitats para vectores de enfermidades do sur
  - Diminución do potencial hidroeléctrico
  - Diminución do turismo de verán e o potencial aumento noutras tempadas

Neste mesmo informe móstrase unha táboa resumen dos principais impactos climáticos na vivenda, o traballo e a mobilidade:

	 VIVENDA	 TRABALLO	 MOVILIDADE
<b>CALOR</b> 	Diminución do confort Riscos de saúde Aumento do uso de enerxía para a refrixeración, diminución para calefacción	Redución da produtividade laboral Aumento do uso de enerxía para a refrixeración, diminución para calefacción	Perda do confort no transporte público Modificación ferroviaria Aumento do uso de enerxía para a refrixeración, diminución para calefacción



<p>INUNDACIONS</p> 	<p>Risco saúde habitantes Danos ás edificacións Fallos en enerxía e auga</p>	<p>Redución da accesibilidade Danos aos bens económicos Fallos en enerxía e auga</p>	<p>Bloqueo de infraestruturas (estradas, vías de ferrocarril, etc.).</p>
<p>ESCASEZA DE AUGA</p> 	<p>Incomodidade Riscos para a saúde e a seguridade</p>	<p>Redución da produtividade Fallos en enerxía e auga</p>	<p>Restricións de envíos</p>
<p>INCENDIOS</p> 	<p>Riscos para a saúde e a seguridade Danos ás edificacións</p>	<p>Danos aos bens económicos</p>	<p>Bloqueo de roteiros de transporte</p>
<p>TORMENTAS</p> 	<p>Risco saúde habitantes Danos ás edificacións Fallos en enerxía e auga</p>	<p>Redución da accesibilidade Danos aos bens económicos Fallos en enerxía e auga</p>	<p>Bloqueo de infraestruturas (estradas, vías de ferrocarril, etc.)</p>

Fonte: Urban adaptation to climate change in Europe 2016 — Transforming cities in a changing climate (<http://www.eea.europa.eu/publications/urban-adaptation-2016>)

No Plan Nacional de Adaptación ao cambio climático sinálase que moitos sectores son vulnerables pero que o serán en diferentes escalas. Os sectores estudados son:

- Biodiversidade:
  - o Ecosistemas acuáticos continentais: asegúrase que gran parte dos ecosistemas acuáticos continentais pasarán a ser estacionais, mentres que haberá outros que desaparezan. Os ecosistemas máis afectados serán lagos, lagoas, ríos que dependan de augas subterráneas.
  - o Ecosistemas terrestres: os ecosistemas da rexión Atlántica estarán limitados pola temperatura (sen embargo terán maior produtividade), mentres que a mediterránea pola auga. O cambio climático afectará a fenoloxía, a interacción entre especies e favorecerá as pragas.
  - o Biodiversidade vexetal: estará intimamente ligado ao quentamento global e a redución das dispoñibilidade hídricas. Os cambios máis destacables serán os edáficos, no réxime de incendios, o ascenso do nivel do mar para a vexetación costeira e a perda de diversidade florística.
  - o Biodiversidade animal: producirá cambios fenolóxicos nas poboacións, na migración e na reprodución. As zonas máis vulnerables serán as costeiras, humedais e cursos de augas permanentes que pasan a ser estacionais.



- Recursos hídricos: sufrirán diminucións importantes. Para o horizonte 2030 estímase o aumento de 1°C na temperatura e unha diminución da precipitación dun 5%, sen embargo esta cifra crece na estimación de 2060 (a temperatura aumenta 2.5°C e diminúen un 8% as precipitacións).
- Bosques: a fisioloxía das especies forestais pode verse afectada pola diminución de auga no chan e o aumento da temperatura e da evaporación á atmosfera (supoñendo gran estrés para a vexetación).

O aumento da temperatura e a falta de auga no chan favorecerá a inflamabilidade dos combustibles, aumentando tamén a frecuencia, intensidade e magnitude dos incendios forestais.

- Sector agrícola: o efecto negativo das altas temperaturas e menores precipitacións pode aumentar as taxas fotosintéticas polo incremento de CO<sub>2</sub>, así como temperaturas máis suaves no inverno favorecerá a produción da colleita. A modificación das temperaturas pode producir o desprazamento de pragas a maiores altitudes.

Nos animais pódese esperar que os procesos parasitarios e infecciosos teñan que ver co clima.

- Zonas costeiras: serán problemas relacionados cos cambios na frecuencia e na intensidade das tormentas, e o posible ascenso do nivel do mar. Considerando un posible aumento do nivel do mar de medio metro suporía a perda do 40% das praias (en costas baixas podería supoñer inundacións).
- Caza y pesca continental: as especies cinexéticas e de pesca deportiva pódense ver afectadas polo cambio climático.
- Zonas de montaña: serán as máis vulnerables ao cambio climático xa que concentra áreas de alta diversidade, endemismos e formas de xestión tradicional dos diferentes sectores.
- Chan: gran parte do territorio nacional sofre desertificación a consecuencia de incendios forestais e perda de fertilidade nos chans de regadío por salinización e erosión. Estímase en España un clima mediterráneo seco e semiárido e as zonas de maior perda serán as húmidas, é dicir, ao Norte de España.

O problema disto é que se estima que ó aumentar 1°C a temperatura prodúcese a perda de carbono orgánico no chan do 7%, o que afectará negativamente as propiedades físicas, químicas e biolóxicas dos mesmos.

- Pesca e ecosistemas mariños: prevese unha redución da produtividade. Haberá cambios nas cadeas tróficas mariñas. Os sistemas máis vulnerables son os ecosistemas máis lonxevos e de crecemento lento.



- Transporte: estímase que non se vería moi afectado pola subida das temperaturas, aínda que podería afectar (entre outros moitos) no ámbito portuario a subida do nivel do mar, o cambio dos ventos pola oleaxe, etc.
- Saúde humana: albergaría diferentes factores:
  - o Morbi-Mortalidade: debido ao aumento das temperaturas e da duración das olas de calor. O grupo máis vulnerable serán os maiores de 65 anos.
  - o Efectos na saúde relacionados con meteoroloxía extrema (tormentas, precipitacións extremas, tronados, etc), contaminación atmosférica, pragas, contaminación dos alimentos, etc.
- Industria e enerxía: prevese un incremento da demanda eléctrica que ao diminuír as precipitación terá que suplir a enerxía hidroeléctrica (petróleo, gas, e nos menos casos biomasa). As enerxías renovábeis que obterían beneficio serán a solar e a eólica.
- Turismo: a zona máis vulnerable será o litoral. A escaseza de auga provocará o non funcionamento de certos destinos, o amento de temperaturas mover o calendario e o aumento do nivel do mar pode producir inundacións.
- Finanzas-seguros: verase afectado xa que as tormentas e as inundacións terán maior incidencia no futuro, provocando danos patrimoniais, industria, perda de cultivos etc.
- Urbanismo e construción: debe estar orientado a impedir a degradación do recursos naturais con influencia negativa sobre o clima. En urbanismo o que máis se pode ver afectado polo cambio climático son as zonas verdes, mentres que en construcións será importante a cantidade de choiva, de neve, a velocidade do vento para realizar un proxecto que cubra todas as incidencias climáticas.

Para que sexa posible un cambio a nivel europeo será necesario analizar cales son os riscos de cada localidade para así poder actuar sobre eles. Segundo a Rede Española de Cidades para o Clima ( RECC), Camariñas posúe o perfil que se presenta na Figura 37.

Figura 37: Perfil local de vulnerabilidade fronte ao cambio climático.

FICHA RESUMEN		Camariñas		(A CORUNA)												
Cambio de las principales variables climáticas (escenario A2 en el año 2050)																
Media de las T° máximas anuales		Media de las T° mínimas anuales		Precipitación medial anual												
Incremento de 2,5 a 3 °C		Incremento de 2 a 2,5 °C		Reducción entre 600 y 700 mm												
Análisis sectorial		Importancia relativa		Vulnerabilidad												
Agricultura		Baja		Alta												
Biodiversidad y espacios naturales		Baja		Alta												
Recursos hídricos		Alta		Alta												
Forestal		Media		Media												
Turismo		Baja		Media												
Energía		Baja		Media												
Zonas costeras		Baja		Alta												
Salud		Baja		Baja												
Propuesta de medidas de adaptación																
0= bajo interés, 3= alto interés																
	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P
Medidas generales	1	1	2	0	1	0										
Agricultura	1	0	1													
Biodiversidad y espacios naturales	2	2	2	1	1	1	1	2	1	1						
Recursos hídricos	2	1	1	2	1	2	1	2	1	2	1	1	2	3		
Forestal	1	0	2	1	2											
Turismo	1	1	0	2	1											
Energía	0	1	1	2												
Zonas costeras	2	1	2	1	1	1	1	1	0	1	0	2	2	2	1	3
Salud	0	0	0	0	0	0	0	0								

Fonte: A vulnerabilidade ao cambio climático a escala local, FEMP, Rede Española de Cidades polo Clima.



Unha vez analizados os riscos presentes en Camariñas preséntanse os indicadores, facilitados pola Oficina Técnica do Pacto das Alcaldías, na táboa 23.

Táboa 23: Indicadores asociados aos riscos para avaliar

RISCO	Nivel actual	Indicador asociado ao risco
Calor extremo	Baixo	Variación da temperatura máxima
		Variación do percentil 95 máximo de temperatura
		Variación de número de días cálidos anuais
		Variación da duración das ondas de calor
		Incremento do número de noites cálidas
		Incremento do uso de refrixeración
Frío extremo	Baixo	Variación da temperatura mínima
		Variación do percentil 5 mínimo de temperatura
		Incremento do número de días con xeadas
		Incremento do uso de calefacción
Precipitación extrema	Moderado	Variación das precipitacións máximas diarias (mm/día)
		Incremento do percentil 95 de choiva diaria (mm)
Sequía	Moderado	Variación das precipitacións (mm/día)
		Diminución do número de días chuviosos
		Incremento da duración de períodos secos
Incendios forestais	Alto	Número de incendios nos últimos anos
		Número de hectáreas afectadas
Inundacións	Moderado	Zonas inundables nun período de 100 anos
		Zonas inundables nun período de 500 años

Os valores para cada indicador obtivéronse de diferentes fontes como: a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), así como as proxeccións dos mesmos para anos futuros son proporcionados pola Plataforma sobre Adaptación ao Cambio Climático en España (AdapteCCa).

O resume dos resultados medios dos indicadores para 2010, 2020, así como as proxeccións para 2030 e 2100, preséntanse na táboa 24, Estas cifras obtivéronse de AdapteCCa tendo en conta o escenario RCP 8.5, escenario de altas emisións e Forzamento Radioactivo mínimo de 8.5 W/m<sup>2</sup>.





Táboa 24: Resultados dos indicadores para 2010, 2020, 2030 e 2100

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Temperatura máxima (°C)	15,82	16,08	16,7	18,78
Percentil 95 max de temperatura (°C)	22,89	23,68	25,49	27,6
Nº días cálidos (día)	39,19	47,25	70,19	124,62
Duración olas de calor ( día)	8,75	12,06	24,63	66,92
Nº noches cálidas ( día)	45,25	52,81	72,19	138,77
Grados-día refrigeración (°C día)	2,53	6,35	21,21	28,56
Temperatura mínima (°C)	10,6	10,64	11,07	13,27
Percentil 5 min de temperatura (°C)	4,77	4,63	4,61	7,03
Nº días con helada ( día)	1,5	0,38	0,56	0,08
Grados-días calefacción (°C día)	1865,99	1845,92	1757,78	1166,85
Precipitaciones máximas en 24 horas (mm/día)	63,32	80,90	69,83	78,66
Percentil 95 de lluvia diaria (mm)	26,61	25,65	26,19	29,86
Precipitaciones (mm/día)	4,52	4,6	4,33	4,37
Nº día lluviosos (día)	168,94	160,00	152,25	139,46
Máximo número de días consecutivos con precipitación <1mm (día)	26,94	31,69	37,13	38,92

### 5.1. Calor extrema

Para valorar o risco de calor extrema realizouse unha análise dos seguintes indicadores:

#### 5.1.1. Temperatura máxima (°C)

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Temperatura máxima (°C)	15,82	16,08	16,7	18,78

Este indicador refírese á temperatura máxima diaria do aire a 2 metros sobre o chan.




Entre os anos 2010 e 2020 aumentou lixeiramente a temperatura media máxima, estimándose para o ano 2030 a subida de 1º C aproximadamente (en comparación con 2010) e de case 3º C para o ano 2100.



**5.1.2. Percentil 95 da temperatura máxima diaria (°C)**

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Percentil 95 max de temperatura (°C)	22,89	23,68	25,49	27,6

Este indicador refírese ao valor baixo o cal se atopa o 95% das temperaturas máximas durante un período de tempo.




En todo o período entre 2010 e a proxección de 2100 aumentan as temperaturas, pero entre os anos 2010 e 2020 e a proxección entre 2030 e 2100 o ascenso é máis progresivo, con todo entre os anos 2020 e 2030 este incremento será maior.

**5.1.3. Número de días cálidos (días)**

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Nº días cálidos (día)	39,19	47,25	70,19	124,62

Este indicador refírese ao número de días nun período de tempo cuxa temperatura máxima supera o percentil 90 dun período climático de referencia.




Entre os anos 2010 e 2020 a media de días cálidos aumentou en 8 días, o que representa un 20% do seu valor, pero se avaliamos as proxeccións entre os anos 2020 e 2030 o número de días cálidos aumentan nun 48% aproximadamente. A proxección para o ano 2100 eleva considerablemente este dato pasando de representar case un quinto do total de días do ano para representar máis dun terzo, aínda que a evolución dos datos neste período é menos pronunciada que entre o ano 2020 e a proxección para 2030.



### 5.1.4. Duración olas de calor (días)

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Duración olas de calor ( día)	8,75	12,06	24,63	66,92

Este indicador refírese á duración máxima dunha onda de calor nun período de tempo. Unha onda de calor defínese como polo menos 5 días consecutivos con temperaturas máximas por encima do percentil 90 dun período climático de referencia.




No caso das ondas de calor a media de días aumenta en 3 entre os anos 2010 e 2020, mentres que o valor para a proxección de 2030 duplica o valor da media existente no ano 2020. A predición para o ano 2100 terá un valor superior pero, do mesmo xeito que no caso do número de días cálidos a evolución dos datos non será tan esaxerado como entre o ano 2020 e a proxección para 2030.

### 5.1.5. Número de noites cálidas

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Nº noites cálidas ( día)	45,25	52,81	72,19	138,77

Este indicador refírese ao número de días nun período de tempo cuxa temperatura mínima supera o percentil 90 dun período climático de referencia.



Finalmente, se analizamos o número de noites cálidas entre os anos 2010 e 2020 a media de días aumenta en 7. Este aumento será inferior ao que se produce entre o ano 2020 e a proxección para 2030 que será de 19 días, do mesmo xeito que continuará o seu ascenso na proxección realizada para o ano 2100. Estes valores van en consonancia co aumento do número de días cálidos e da duración dos días de ondas de calor expresados anteriormente.




### 5.1.6. Grados/día de refrixeración

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Grados-día refrixeración (°C día)	2,53	6,35	21,21	28,56

Este indicador obtense mediante a fórmula de Spinoni et ao (2015) utilizando un limiar de 26° C.

$$GD_{26} = T_m \text{ diaria} - T_{26} = \frac{T_{m\acute{a}x} + T_{m\acute{i}n}}{2} - 26$$



Con esta estimación pódese observar o aumento de días nos que é necesario o uso de refrixeración segundo o paso do tempo. Entre os anos 2010 e 2030 o dato aumenta considerablemente, mentres que desde a proxección de 2030 ata a de 2100 aumenta paulatinamente.

Tras a análise destes indicadores confírmase a tendencia crecente das temperaturas no municipio de Camariñas. Esta ameaza na actualidade ten nivel baixo, aínda que xa se pode comprobar o aumento de temperaturas, de número de días e noites cálidas, así como o incremento na duración das ondas de calor e en consecuencia da necesidade de refrixeración producido entre os anos 2010 e 2020. Espérase para os próximos 10 anos un incremento pronunciado dos valores actuais, cifras que seguirán aumentando de forma menos acusada para 2100.


### 5.2. Frío extremo

Para valorar o risco de frío extremo realizouse unha análise dos seguintes indicadores:

#### 5.2.1. Temperatura mínima (°C)

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Temperatura mínima (°C)	10,6	10,64	11,07	13,27

Este indicador refírese á temperatura mínima diaria do aire a 2 metros sobre o chan.




As variacións no caso das temperaturas mínimas son inferiores que en caso das máximas, aumenta centésimas entre os anos 2010-2020, 0,4° C entre o ano 2020 e a proxección para o ano 2030, mentres que a variación que alcanza maior valor prodúcese entre as proxeccións dos anos 2030 e 2100 que será de 2,2° C

**5.2.2. Percentil 5 da temperatura mínima diaria (°C)**

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Percentil 5 min de temperatura (°C)	4,77	4,63	4,61	7,03

Este indicador refírese ao valor baixo o cal se atopan o 5% das temperaturas mínimas dun período de tempo.




Analizando estes resultados pódese observar como a temperatura media diminúe entre 2010 e 2030, con todo aumenta na proxección de 2100. Finalmente, a temperatura mínima aumenta entre 2010 e a proxección para 2100 en 2.26° C.

**5.2.3. Número de días con temperatura mínima inferior a 0°C (Número de días con xead)**

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Nº días con helada ( día)	1,5	0,38	0,56	0,08

Este indicador refírese ao número de días dun período de tempo cuxa temperatura mínima atópase por baixo dos 0° C.




Analizando o número de días con temperatura mínima inferior a 0° C pódese observar a tendencia descendente, a pesar de aumentar moi lixeiramente entre 2020 e 2030. O descenso estimado entre 2010 e 2100 cuantifícase en 1.42° C.

**5.2.4. Grados/día de calefacción**

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Grados-días calefacción (°C día)	1865,99	1845,92	1757,78	1166,85

Este indicador obtense mediante a fórmula de Spinoni et al (2015) utilizando un umbral de 18°C.

$$GD_{18} = T_{m\ diaria} - T_{18} = \frac{T_{máx} + T_{mín}}{2} - 18$$



A obtención deste dato resulta do produto da temperatura (° C) e o número de días que se utilizan sistemas de calefacción. Tendo estas estimacións, se consideramos unha temperatura de calefacción de 18° C (como se indica no documento explicativo de Visor de escenarios de cambio climático proporcionado por AdapteCCa) o resultado será que: en 2010 houbo 103 días de calefacción, en 2020 hai 102 días, en 2030 haberá 97 días e a proxección final será que en 2100 haberá 64 días de calefacción. Con esta estimación pódese observar a diminución dos días nos que é necesaria a calefacción co paso do tempo, os que implica unha subida de temperaturas.

Tras a análise destes indicadores séguese confirmando o aumento de temperaturas no municipio de Camariñas co aumento da temperatura mínima e a diminución dos días de xeadada e a necesidade de calefacción. Esta ameaza na actualidade ten nivel baixo.




### 5.3. Precipitación extrema

Para valorar o risco de precipitación extrema realizouse unha análise dos seguintes indicadores:

#### 5.3.1. Precipitacións máximas en 24 horas (mm/día)

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Precipitaciones máximas en 24 horas (mm/día)	63,32	80,90	69,83	78,66

Este indicador refírese ao valor máis alto de precipitación diaria nun período de tempo.



O valor das precipitacións máximas en 24 aumentou, como xa se pode apreciar, nas medias entre 2010 e 2020 en 17mm ao día. Estes valores oscilan moito entre 2010 e 2100 pero a visión xeral é o aumento de 15° C no período.

#### 5.3.2. Percentil 95 de precipitación diaria (mm)

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Percentil 95 de lluvia diaria (mm)	26,61	25,65	26,19	29,86

Este indicador refírese ao valor baixo o cal atópanse el 95% dos valores de precipitación diaria dun período de tempo.



Con percentil 95 de choiva diaria refírese ao valor baixo o cal se atopan o 95% dos valores de choivas diarias. Entre 2010 e 2030 os valores atópanse ao redor dun valor de 26 mm diarios, con todo na proxección para o ano 2100 este valor aumenta en 3 mm diarios.



Tras a análise destes indicadores confírmase o aumento de precipitación no municipio de Camariñas. Esta ameaza na actualidade ten nivel moderado, xa que se pode comprobar o aumento das precipitacións máximas en 24 horas e o incremento do percentil 95 de precipitación diaria 2010 e 2100.


### 5.4. Seca

Para valorar o risco de seca realizouse unha análise dos seguintes indicadores:

#### 5.4.1. Precipitacións (mm/día)

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Precipitaciones (mm/día)	4,52	4,6	4,33	4,37

Este indicador refírese á precipitación acumulada nun día, en calquera das súas formas (choiva, neve, granizo, etc).



Analizando o valor das precipitacións medias pódese concluír que desde 2010 prodúcense variacións pero que a 90 anos vista diminúen, concretamente en 0.15 mm/día. A media entre os anos 2010 e 2020 aumenta en 0.08mm/día, entre 2020 e a proxección para 2030 diminúe en 0.27 mm/día.

Finalmente prevese un descenso nas precipitacións, máis pronunciado para o ano 2030 que para 2100.

#### 5.4.2. Número de días de choiva (mm/día)

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Nº día lluviosos (día)	168,94	160,00	152,25	139,46

Este indicador refírese ao número de días nun período de tempo no que a precipitación é superior ou igual a 1mm.







Espérase, segundo os resultados da táboa, o descenso no número de días chuviosos. As estimacións entre 2010-2020 e 2020-2030 son similares xa que a súa variación sitúase contorna ao 5%, e a diminución das predicións entre 2030 e 2100 é dun 8.5%.

**5.4.3. Número máximo de días consecutivos con precipitación menor a 1 mm (Duración de períodos secos)**

INDICADOR	MEDIA 2010	MEDIA 2020	PROYECCIÓN 2030	PROYECCIÓN 2100
Máximo número de días consecutivos con precipitación <1mm (día)	26,94	31,69	37,13	38,92


Este indicador refírese ao número máximo de “días secos” consecutivos nun período de tempo, isto é, días cuxa precipitación non superou o limiar de 1mm.



Cos resultados reflectidos por este indicador pódese observar a tendencia ascendente en todo o período, aumentando os días consecutivos sen precipitacións entre 2010 e 2100 en aproximadamente 12 días.

A análise das precipitacións será fundamental para definir o impacto que produce o cambio climático sobre o territorio, é dicir, permitirá avaliar o impacto que poden supor as choivas no municipio. Na figura 38 móstrase a precipitación media entre os anos 1971 e 2001, cuantificada en 2054 mm (corresponde ao intervalo da figura de 1800 a 2200 mm) e cunha precipitación acumulada de 108.87Hm<sup>3</sup>. Con estes valores podemos concluír que as precipitacións en Camariñas son das máis altas do territorio nacional.

Figura 38: Mapa cos valores de precipitación media anual de Galicia, destacando o municipio de Camariñas




Fonte: AEMET



Se analizamos as predicións para o ano 2100 a cantidade de auga precipitada varía pouco respecto do ano referencial 2010 pero si se aprecian cambios destacables no descenso do número de días de choiva e o aumento no número de días consecutivos sen precipitación.

Estes cambios, unido o aumento da precipitación máxima en 24 horas, implican que as choivas sexan máis torrenciais podendo provocar a erosión do terreo. Estas conclusión empeoraría a situación do solo de Camariñas xa que actualmente xa se pode observar no mapa da figura 39 que ten uns valores de erosión potencial altos (estará condicionado tamén pola composición do seu chan que, segundo o Instituto Xeolóxico Mineiro de España, é de rocas ígneas variscas).

Figura 39: Mapa de erosión potencial en España (2002-2019) destacando o municipio de Camariñas. Fonte: visor Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico.




### 5.5. Incendios forestais

Enténdese como incendio forestal aquel que se estende sen control sobre terreo forestal afectando á vexetación que non estaba destinada a arder e que, segundo o tipo de vexetación e a superficie queimada, clasifícase en conato, incendio ou queima.

Camariñas atópase no distrito forestal V e a alta frecuencia de incendios sitúano nunha Zona de Algo Risco (TSAR), tal como indícase no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) 2020. Estas zonas serán superficies onde se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio.



Figura 40: Mapa cas zonas de alto risco de incendio



Fonte: <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/forestal/administracion/distritos-forestais>.

O obxectivo deste plan é o establecemento da organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, daqueles que poidan ser asignados a este pola Administración Xeral do Estado, así como dos que puidesen ser facilitados por outras entidades públicas ou privadas para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume, ou, co fin de desenvolver na súa totalidade a fase de actuación das Situacións 0 e 1, ademais daquelas propias asignadas para a Situación 2 no Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA).


No esquema forestal pódese diferenciar entre:

- Conato: é aquel no que a superficie arboredo queimado é inferior ou igual a 0.5 Ha e que ademais a suma desta superficie e a superficie rasa queimada é inferior ou igual a 1 Ha.
- Queima: dáse cando a superficie arboredo queimado é 0 e a superficie rasa queimada é superior a 1 Ha.
- Incendio: é aquel en o que a superficie arboredo queimado é superior a 0.5 Ha e que ademais a suma desta superficie e a superficie rasa queimada é superior a 1 Ha.

Neste municipio, segundo MAPA e MITECO, entre os anos 2001 e 2014 producíronse por 84 incendios e 8 conatos nos que a superficie forestal arborada e desarborada queimada é de 2484,99 Ha.




Figura 41: Frecuencia de incendios forestais entre 2010 e 2014



Os datos máis actualizados de incendios son os do período entre 2010 e 2018, facilitados polo visor de Información Xeográfica de Galicia, nos que se pode ver na figura 42 a superficie queimada.

Figura 42: Superficie queimada en Camariñas entre 2010 e 2018



Tras estes resultados conclúese que, tal como sinalaban os datos facilitados pola Oficina Técnica da Xunta para o Pacto das Alcaldías, o risco é alto para o municipio de Camariñas.



### 5.6. Inundacións

Camariñas vese afectado pola Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que será a que desenvolva o Plan de xestión do risco de inundación. Neste Plan defínense 39 Áreas de Risco de Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs de 1º ciclo 2011) de orixe mariña, das cales dúas se atopan no municipio de Camariñas (Fichas no Anexo I e II).

As ARPSI presentes en Camariñas son as que se presentan na táboa 25 e a súa localización pódese observar na figura 43.

Táboa 25: Datos ARPSIs Camariñas

Código	Nome	Lonxitude (Km)
ES014-CO-09-03-04-C	Camariñas	2.84
ES014-CO-09-03-05-C	Camelle	6.96


Figura 43: Situación das ARPSI



— Áreas de riesgo potencial significativo de inundación

Camariñas atópase en zona moi alta de perigo de inundación pero o risco de inundación no municipio é medio, segundo o Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal).

Figura 44: Zonas de perigo e risco de inundación en Galicia. Fonte: Inungal






Segundo os mapas elaborados incluíronse:

- **Mapas de perigo:** refírese a aquelas con potencial para que o proceso natural cause danos, é dicir, maior frecuencia de inundacións, velocidades, etc.

Táboa 26: Mapas de perigo Camariñas y Camelle







En ambas as zonas o perigo costeiro estímase entre o valor 0 e o 2, o que implica que a superficie afectada aumentará lixeiramente.



- **Mapas de risco:** refírese a a probabilidade de que se produza un dano na exposición ao risco.
  - o Número indicativo de habitantes que poden verse afectados.


Táboa 27: Mapas de risco Camariñas y Camelle. N° Habitantes.

Camariñas	
En 100 anos	En 500 anos
 <p>A superficie afectada sería de 0.06 Km<sup>2</sup> e o número de habitantes estimados na zona de 60 persoas.</p>	 <p>A superficie afectada sería de 0.06 Km<sup>2</sup> e o número de habitantes estimados na zona de 61 persoas.</p>
Camelle	
En 100 años	En 500 años
 <p>A superficie afectada sería de 0.72 Km<sup>2</sup> e o número de habitantes estimados na zona de 435 persoas.</p>	 <p>A superficie afectada sería de 0.74 Km<sup>2</sup> e o número de habitantes estimados na zona de 439 persoas.</p>



- o Tipo de actividade económica da zona que pode verse afectada.

Táboa 28: Mapas de risco Camariñas y Camelle. Tipo de actividade económica.



En ambas predicións as actividades económicas afectadas serán a forestal, infraestruturas aeroportuarias, urbano concentrado e asociado a urbano.


No caso particular de Camariñas engádesse como sector afectado o industrial concentrado.





- o Puntos especiais de importancia costeira.

Táboa 29: Mapas de risco Camariñas y Camelle. Puntos de especial importancia.




En ambas as predicións veranse afectados os mesmos puntos, que serán:

- En Camariñas: 3 puntos de protección civil e 1 de patrimonio cultural.
- En Camelle: 2 puntos de protección civil e 11 de patrimonio cultural.



- o Área de importancia medioambiental.

Táboa 30: Mapas de risco Camariñas y Camelle. Área de importancia medioambiental.



Neste caso, entre as estimacións a 100 e 500 anos vista non haberá diferenza.

O estudo destas zonas de risco é importante xa que se valorará si existe unha posible afección negativa para a saúde humana, as actividades económicas, o medio ambiente e o patrimonio cultural en caso de inundación.

A caracterización do risco de cada unha destas zonas ven detallado nos Anexos I e II nos que a modo de conclusión, o Plan de Xestión do Risco de Inundación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (ciclo 2015-2021):



Camariñas

Característica a valorar	Peso	Caracterización del riesgo		
		T100	T500	Promedio
Población afectada	0,3	2	2	2,0
Activ. Econ. Superf.	0,3	1	1	1,0
Puntos importancia	0,2	1	1	1,0
Áreas Imp. Ambient.	0,2	2	2	2,0
<b>Riesgo global</b>	<b>1</b>	<b>1,5</b>	<b>1,5</b>	<b>1,5</b>

Camelle

Característica a valorar	Peso	Caracterización del riesgo		
		T100	T500	Promedio
Población afectada	0,3	2	2	2,0
Activ. Econ. Superf.	0,3	2	2	2,0
Puntos importancia	0,2	2	2	2,0
Áreas Imp. Ambient.	0,2	3	3	3,0
<b>Riesgo global</b>	<b>1</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>

A puntuación obtida para Camariñas será 1,5 para Camariñas e 2,2 para Camelle. Será necesario para a correcta interpretación o significado dos valores:

- Si o grao de afección é 0 a valoración será que non ten afección.
- Si o grao de afección é 1 a valoración será leve.
- Si o grao de afección é 2 a valoración será moderado.
- Si o grao de afección é 3 a valoración será grave.
- Si o grao de afección é 5 a valoración será moi grave.

Trala comparativa de ambas zonas pódese observar que a de maior risco será Camelle polo que a valoración obtida será risco moderado. Esta clasificación será a que obtén tamén o municipio, tal como indícase en Inungal.

Finalmente preséntase unha táboa resumen, facilitada pola Oficina Técnica da Xunta para o Pacto das Alcaldías, cos riscos climáticos e a súa intensidade futura.

Táboa 31: Caracterización dos riscos climáticos

TIPO RISCO	Nivel actual	Cambio previsto en intensidade	Cambio previsto en frecuencia
Calor extremo	Baixo	Sen cambios	Aumento
Frío extremo	Baixo	Sen cambios	Aumento
Precipitación extrema	Moderado	Aumento	Aumento
Inundacións	Moderado	Aumento	Aumento
Seca	Moderado	Aumento	Aumento
Incendios Forestais	Alto	Aumento	Aumento




## 6. AVALIACIÓN DE RISCOS E VULNERABILIDADES URBANAS

Neste apartado utilízanse diferentes indicadores para cuantificar a vulnerabilidade urbana, segundo o Atlas da Vulnerabilidade Urbana en España, obtendo os seguintes resultados:

### 1. Vulnerabilidade sociodemográfica:

Neste indicador realízase unha análise dos fogares unipersoais de maiores de 64 e 75 anos. Tendo en conta que os valores en España para os fogares unipersoais de maiores de 64 anos descendieron entre o ano 2001 e o 2011 ata un valor do 9.45% Camariñas atópase nun valor superior á media nacional, xa que alcanza un valor situado entre 11.6% e 66,7%.

Estas porcentaxes refírense a valores entre 36 e 145 (máis próximos a 36 na súa maioría) fogares en cada zona do mapa.



1 - Porcentaje de hogares constituidos por una sola persona mayor de 64 años, sobre el total de hogares.




Isto non ocorre no caso dos fogares unipersoais de maiores de 75 anos xa que para este indicador o valor nacional aumentou entre os anos 2001 e 2011 máis dun punto porcentual, alcanzando o valor de 8.71%.

No caso de Camariñas este valor varía por zonas. Dúas de esas zonas teñen un valor entre o 16.3 e 100%, outra está entre 7.4 e 11%, mentres que a que queda terá valor nulo.

Isto supoñerá aproximadamente entre 85 e 100 persoas en cada zona do mapa.

Secciones 2011

1 - Población de 75 años y más - fuente: INE. España 7,40% (2001) 8,71% (2011)  
2 - Población de 75 años y más - fuente: INE. España: 3.021.083 (2001) 4.057.645 (2011)



1 - Porcentaje de personas de 75 años o más, sobre el total de la población



## 2. Vulnerabilidade socioeconómica:

Este indicador realiza unha análise da poboación en paro e daquela que non ten estudos.


En España a poboación en paro aumentou significativamente dende ou ano 2001 ata o 2011 situándose nun 29.63% a poboación activa maior de 16 anos, é dicir, case un terzo dá súa poboación. Este valor será superior na maioría da superficie do municipio de Camariñas (valores entre ou 30.8% e 100%), mentres que na zona noroeste serán valores entre 18.5% e 24.6%.

Na zona noroeste o dato de poboación ocupada varía entre as 500 e 900 persoas, mentres que no resto de zonas aproxímanse a 225.

Secciones 2011

1 - Población en paro - fuente: INE. España 14,20% (2001) 29,63% (2011)

2 - Población ocupada - fuente: INE. España 16.338.142 (2001) 17.514.550 (2011)



1 - Porcentaje de la población de 16 años ó más en situación de paro, respecto al total de población activa de 16 años ó más. (IBVU: Indicador Básico de Vulnerabilidad Urbana)



No caso da poboación sen estudos (poboación analfabeta de máis de 16 anos) a porcentaxe sobre o mesmo rango de idade do total da poboación en España diminuíu entre os anos 2001 e 2011, alcanzando un valor de 10.92%.


Se analizamos os valores no municipio podemos observar que todas as zonas teñen un valor superior á media, situándose entre o 18.4 e 72%.

Finalmente, en dúas zonas do municipio a cifra de poboación sen estudos rolda as 425 persoas, mentres que na zona ao noroeste supera as 500 e a zona nordés aproxímase a 106.

Secciones 2011

1 - Población sin estudios - fuente: INE. España 9.458.634 (2001) 4.268.040 (2011)

2 - Población sin estudios - fuente: INE. España 15,30% (2001) 10,92% (2011)



1 - Población analfabeta y sin estudios de 16 años o más.

2 - Porcentaje de población analfabeta y sin estudios de 16 años o más. (IBVU: Indicador Básico de Vulnerabilidad Urbana).




### 3. Vulnerabilidade residencial

Neste indicador realízase unha análise da superficie media por habitante, vivendas con menos de 30m<sup>2</sup>, sen cuarto de aseo con inodoro, sen baño ou ducha ou vivendas en edificios anteriores a 1940 ou en estado ruinoso, malo e deficiente.

En España a superficie media por habitante en 2011 é de 36.93m<sup>2</sup>, mentres que en todo o municipio de Camariñas esta cifra é superior, situándose entre 55.29m<sup>2</sup> e 1254.96m<sup>2</sup>.

Secciones 2011



Superficie media útil por habitante en las viviendas familiares principales convencionales.






As vivendas cunha superficie menor a 30m<sup>2</sup> diminuíron entre 2001 e 2011 en España en máis de 5000 vivendas, non tendo representación as mesmas en todo o municipio de Camariñas.

Secciónes 2011

1 - Viviendas con menos de 30m<sup>2</sup> - fuente: INE. España 55.797 (2001) 50.440 (2011)  
2 - Viviendas con menos de 30 m<sup>2</sup> - fuente: INE. España 0,40% (2001) 0,28% (2011)



1 -  
2 - Porcentaje de viviendas familiares principales convencionales con menos de 30 m<sup>2</sup> útiles, sobre el total de viviendas familiares principales convencionales.




Neste municipio existían, a data 2011, vivendas sen baño ou ducha. Na zona noroeste do municipio o valor roldará as 20 vivendas, na zona nordés non haberá representación e nas outras dúas zonas o valor é inferior a 15.

Secciones 2011

1 - Viviendas sin baño o ducha - fuente: INE. España 97.760 (2011)

2 - % de viviendas sin baño o ducha - fuente: INE. España 0,51% (2011)






Neste municipio existían, a data 2011, vivendas sen cuarto de aseo con inodoro pero o seu valor é inferior a 21 no municipio.

A porcentaxe en España das vivendas sen cuarto de aseo con inodoro representaba en España o 0.58%, mentres que Camariñas na única zona na que existe esta vulnerabilidade representa entre o 0.33 e 1.59%

Secciones 2011

1 - % de vivendas sen cuarto de aseo con inodoro - fuente: INE. España 0,58% (2011)  
2 - Viviendas sen cuarto de aseo con inodoro - fuente: INE. España 104.575 (2011)






Neste municipio existían, a data 2011, vivendas en edificios en estado ruinoso, malo e deficiente.

A porcentaxe deste tipo de vivendas representaba a nivel nacional no ano 2011 un 6,99%, sendo no caso de Camariñas este valor superior en todas as zonas (dúas zonas entre 8.1 e 15.8, e as outras dúas zonas exceden o 15.9%).

Secciones 2011

- 1 - Viviendas en edificios en edificios en estado ruinoso, malo y deficiente - fuente: INE. España 10,09% (2001) 6,99% (2011)
- 2 - Viviendas en edificios en edificios en estado ruinoso, malo y deficiente - fuente: INE. España 1.229.428 (2001) 1.763.310 (2011)



1 - Porcentaje de viviendas familiares principales convencionales situadas en edificios en situación ruinoso o deficiente respecto al total de viviendas familiares principales convencionales.




Existían neste municipio, a data 2011, vivendas en edificios anteriores a 1940.

A media nacional cuantificaba nun 9.47% as vivendas en edificios anteriores a 1940. No caso de Camariñas dúas das zonas do municipio atópanse en valores entre o 2.29 e 25.5%.

Secciones 2011

1 - % de vivendas en edificios anteriores a 1940 - fuente: INE. España 14,11% (2001) 9,47% (2011)

2 - Vivendas en edificios anteriores a 1940 - fuente: INE. España 2.956.074 (2001) 2.387.395 (2011)





#### 4. Vulnerabilidade subxectiva


Neste indicador realízase unha análise das poboacións con malas comunicacións (Poboación con vivendas cuxa persoa de referencia considera que a súa vivenda ten malas comunicacións) ou con problemas de contaminación na súa contorna.

Neste municipio é patente a poboación con problemas de comunicación xa que en todas as zonas atópase en valores entre 23.7 e 100%.

Seccións 2001

1 - Población con problemas de malas comunicaciones - fuente: INE. España 14,72%

2 - Población con problemas de malas comunicaciones - fuente: INE




1 - Porcentaje de población en viviendas cuya persona de referencia considera que su vivienda tiene malas comunicaciones, sobre el total de población en viviendas familiares.



Na análise dos problemas de contaminación na contorna do concello conclúese que na zona máis ao nordés ten valores entre 0 e 5.3%, mentres que nas outras dúas zonas o valor atópase entre 28.8 e 99.6%.

Seccións 2001



Porcentaje de población en viviendas cuya persona de referencia considera que su vivienda esta afectada por contaminación o malos olores provocados por la industria, el tráfico, etc., sobre el total de población en viviendas familiares.

Para a avaliación dos riscos tamén se analizan diferentes índices nacionais como son o índice de desigualdade socioeconómica nacional e o índice de desigualdade urbana nacional.

Para a correcta interpretación dos resultados é necesario explicar os intervalos:

- Maior a 1: Esa sección está máis dunha vez por encima do valor de comparación nacional.
- Entre 0.5 e 1: Esas seccións superan entre 0.5 e 1 veces o valor nacional.
- Entre 0 e 0.5: Esas seccións superan entre 0 e 0.5 veces o valor nacional.
- Igual a 0: Seccións nas que o valor do indicador coincide co valor de comparación nacional.
- Entre 0 e -0.5: Esas seccións nas que o valor está por baixo entre 0 e -0.5 veces o valor de comparación nacional.
- Menor a -0.5: Esas seccións nas que o valor está por baixo da metade ou -0.5 veces, o valor de comparación nacional.




1. Índice de desigualdade socioeconómica nacional (IDSN):

Este índice calcúlase sumando os 2 Indicadores Básicos de Vulnerabilidade Urbana: Poboación en paro e poboación sen estudos. Unha vez estandarizados respecto dos valores nacionais polo método chi cadrado e aplicando unha transformación logarítmica para axustar a distribución.

Este índice permite cuantificar a desigualdade de condicións entre os municipios, facendo a comparativa cun valor nacional. Tense en conta a marxinación (pola falta de acceso á educación ou a un traballo que permita levar unha vida digna), a dependencia económica do mesmo, o grao de urbanización e a existencia de infraestruturas.

O municipio de Camariñas divídese en catro zonas, tres delas teñen o seu valor entre 1.5 e 4.3, mentres que a zona máis ao noroeste terá un valor inferior (entre -0.9 e -0.1). Estes valores indican tres zonas do municipio teñen valores por encima da media nacional, mintas que a zona máis noroeste está por baixo da media nacional.



El IDSN se calcula sumando los Indicadores Básicos de Vulnerabilidad Urbana (IBVU) "Porcentaje de población en paro" y "Porcentaje de población sin estudios", una vez estandarizados con respecto a los valores nacionales por el método chi cuadrado, y aplicada una transformación logarítmica para ajustar la distribución.






2. Índice de desigualdade urbana nacional (IDUN):

